



San Martín de Suarna – San Martín de Suarna (San Martín) – A Fonsagrada, 1979-12

Informante: Florencio López Fernández, “o Cego dos Vilares” (65)

Compiladora: Dorothé Schubarth

Transcrición: Dorothé Schubarth e Antón Santamarina

44d [3] [1] VII, [1]

$\text{♩} = 92$. Vilares, *Piquín, Ribeira de Piquín*. Decembro 1979.

2) E no me-dio do ca-mi-ño es-quen-céu-sem'a a-gui-lla-da
vol-vín á ca-sa cha-man-do a mi-ña mu-ller hon-rá-da.

As notas entre parénteses, son variantes do violín. En xeral coincide o violín co canto menos nuns adornos que deixamos de transcribir.

variantes estróficas:

1) 5)
2) 4) 5)
3) 3) 4) 5)
4) 1) 4) 3) 5)
5) 1) 4) rep.
7) 3)
9) 1) 4) 4) (rep) 5) 1) 3) 5)

A Fonsagrada I,2,467. Florencio 65.

L: 238e

*Transcrición orixinal de Dorothé Schubarth publicada no Cancioneiro Popular Galego, recollido por Dorothé Schubarth e Antón Santamarina, editado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, no 1984.

I 238e

I era unha noite de lúa,
unha noite de xada,
levanteime cos boiciños
e marcheime pra arada.

E no medio do camiño
esquenceuseme a guillada.
Volvín á casa chamando
a miña muller honrada.



“Ábreme a porta, muller,
ábreme que me esqueceu a guillada.
*Con el chingo lingo lingo
con el chingo lingo andaba.*”

“Qué ruído aparecía
aí ó lado da nosa cama?”
“O gato, homiño, o gato,
que iba vela ratada.
*Con el tingo lingo lingo
con el chingo lingo andaba.*”

“Nunca vin un gato con cuello
nin con corona rapada.
E collín os meus boiciños
e marcheime pra arada
*Con el chingo lingo lingo
con el chingo lingo andaba.*”